

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A CONFRARÍA DE PESCADORES SAN MARTÍN DO GROVE PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE RESTAURACIÓN DE HÁBITATS E ZONAS DE PRODUCCIÓN MARISQUEIRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou ca Confraría de pescadores San Martín do Grove o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Confraría de pescadores San Martín do Grove para elaborar un plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

Os obxectivos específicos a acadar con dita proposta son os seguintes:

1.Programación de traballos de conservación, mantemento ou mellora

1.1. Acondicionamento e/ou emenda do substrato: Manual, cas mesmas artes cas empregadas para a extracción. Isto é, con arados empregando un tractor cunha grade de ganchos ; con motobomba con chorros de auga a presión naquelas zonas dos bancos que nunca quedan totalmente en emersión ou precisan secas de 0.10; e , con criba de area. Tamén se realizará parte das tarefas cunha empresa externa, combinando acción mecánica e control hidráulico.

1.2. Control de depredadores/competidores: Retirada manual. Procederase a retirar aqueles exemplares de *Carcinus maenas* e *Ocenebra erinacea* presentes na zona. Farase un control exhaustivo (un grupo de mariscadores percorrerá o banco en busca activa) nos bancos máis afectados.



1.3. Control de exóticas : retirada manual de todos os individuos de *Bolinus brandaris* e *Hexaplex trunculus* presentes na zona de actuación. No caso de *Crepidatella dilatata*, con grandes poboacións en Vía Sur, faranse xornadas específicas nas que un grupo de mariscadores, con rasquetas e cubos, procederá a retirar os exemplares.

1.4. Retirada de restos orgánicos e inorgánicos :A retirada dos restos orgánicos (conchas de bivalvos e arribazóns de algas) e inorgánicos (lixo mariño) acumulados nos areais levarana a cabo os mariscadores manualmente ca axuda dun tractor con remolque. O tractor emprégase para o transporte dos restos ata un punto de depósito temporal.

1.5. Rareos e traslados : As mariscadoras organízanse por quendas de traballo para realizar rareos en distintas zonas e traslados aos bancos de destino. Empregan as mesmas artes que as empregadas para á extracción.

1.6. Tarefas en sistemas de preengorde en zonas acotadas: Empréganse estes parques de cultivo para realizar as sementeiras de xuvenís das especies recurso. Segundo a cantidade a sementar prepárase o substrato nos parques necesarios e tras a sementeira recúbrese a zona con rede para evitar a acción dos depredadores. Realízanse limpezas constantes e a medida que o recurso vai crescendo fanse desdobres e trasládase o recurso aos principais bancos.

1.7. Sementeira: a realizaran as mariscadoras manualmente aproveitando as horas de baixa mar, cando o terreo quede en seco. Previo a sementeira, se fose necesario, prepararase o substrato ca retirada de arribazóns de algas o lixo mariño presente na zona e descompactarase o sustrato mediante arados, facilitando así o enterramento dos exemplares a sementar.

2. Accións de control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros.

2.1. Vixilancia: grupos con carácter rotatorio, podendo tocarlle a cada grupo entre dúas ou tres vixilancias informativas por mes. As persoas do grupo distribúense por parellas ao longo dos bancos a vixiar.

2.2. Participación nas mostraxes e seguimento: recóllense os exemplares vivos das especies obxectivo. No laboratorio realízase o recuento do número de exemplares por especie e a medida da talla. Os datos trátanse ca aplicación ARouSA, que permite obter información



sobre densidades e biomásas en m², stock total e comercial en quilogramos e distribución por clases de idade de cada especie e en cada banco marisqueiro.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: “Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños”. Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a “fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos”, desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

No artigo 14 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desa prioridade 1 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 do Regulamento (UE) 1380/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopa o de contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

– Os proxectos aprobados financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

– O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 29 de xuño do 2026, autorizou a tramitación do convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Confraría de pescadores San Martín do Grove para o desenvolvemento do Plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

– O convenio asinouse o día 2 de xullo do 2026.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

